

## Herpetoloxía

### SOBRE O XÉNERO *PODARCIS* NA PENÍNSULA E BALEARES

Fernando Martínez Freiría

O xénero *Podarcis* engloba a un conxunto de lagartas de mediano e pequeno tamaño e, actualmente, está en continua revisión en tanto que se describen a cada pouco tempo novas especies, antes consideradas de menor rango. Este artigo é un intento de esclarecer brevemente o panorama actual sobre este grupo a nivel ibero-balear e por reflectir tamén o seu estado de conservación (segundo as novas categorías propostas pola UICN, sinaladas en *Pleguezuelos et al., 2002* –ver anexo).

A familia *Lacertidae* posúe arredor de 250 especies, agrupadas en 27 xéneros, distribuídas pola maior parte do territorio eurasiático e africano (exceptuando Madagascar). 6 xéneros aparecen representados no territorio español: *Lacerta*, *Acanthodactylus*, *Algyroides*, *Psammotromus*, *Gallotia* (grupo endémico das Illas Canarias) e *Podarcis*.

O epíteto *Podarcis* nace con Wagler en 1830. Boulenger en 1920, aplícao como un subxénero de *Lacerta*. Vai ser Arnold, en 1973, quen o eleve a rango xenérico atribuíndolles aos membros deste grupo, para el holofilético, 11 caracteres derivados, dos que só unha proporción minoritaria son compartidos por algúns membros de *Lacerta*.

A súa orixe remóntase atrás uns 18 – 20 m.a., época en que se produce unha cladoxénese que diferencia os grupos *Algyroides*, parte de *Lacerta* e *Podarcis*.

Este xénero engloba unhas 18 especies

distribuídas pola rexión mediterránea, oito das cales pertencen ao ámbito ibero-balear.

#### ***Podarcis sicula*** (Rafinesque, 1810), **lagarta italiana**

Lagarta de mediano tamaño e robusta. É unha especie introducida que presenta ocorrencias das súas poboacións en Menorca (especie abundante en toda a illa) e, máis recentemente, en Santander e Almería, malia que tamén aparece en partes tan distantes do globo como Francia, Italia, Suíza, Iugoslavia, Grecia, Turquía, Gran Bretaña, Chipre, Israel, Tunisia, Libia, e mesmo en Estados Unidos. As poboacións menorquinas pertencen probablemente á subespecie *P. sicula cettii* procedente de Sardeña, que se cre que puido ser introducida na Idade Media; as demais introducións débense ao tráfico marítimo durante os séculos XIX e XX.

É unha especie agresiva e oportunista que despraza ás lagartas autóctonas como ocorre con *P. hispanica* en Almería, *P. lilfordi* en illotes de Menorca e *P. muralis* nas dunas de Riss (Cantabria), e incluso, a xeconídeos como *Tarentola mauritanica* en Almería.

Inclúese na categoría de preocupación menor (LC) ao ser introducida e, probablemente, en expansión.

#### ***Podarcis pityusensis*** (Boscá, 1883), **lagarta das Pitiusas**

Lagarta robusta e de cabeza alta. Trátase

dunha especie endémica (formación de especies debido ao illamento das Baleares trala crise do Messiniense) das Pitiusas (Eivisa e Formentera), onde aparece presente tanto nas illas principais como nos illotes circundantes. Debido a un proceso de diferenciación microevolutiva (o aumento do nivel do mar durante o Plistoceno que deu lugar á aparición de illotes costeiros) foron descritas ata 23 subespecies, actualmente válidas para algúns autores (Salvador, 1986; Pérez-Mellado, 1998); para outros, soamente 6 (Cirer, 1997). Existiu unha poboación introducida cerca de Barcelona, outra actualmente estable nas Palmas e foi citada tamén en Biscaia.

O conxunto da especie considérase como NT (case ameazada) debido ás densidades relativamente altas, pero localizadas, en Eivisa e Formentera. En moitos illotes costeiros, as poboacións atópanse en declive ou a piques de se extinguiren.

### ***Podarcis lilfordi* (Günther, 1874), lagarta balear**

É outra lagarta endémica das Baleares, de constitución robusta, cabeza alta e pescozo ancho. Ocupa, exclusivamente, os illotes circundantes ás illas de Mallorca e Menorca, así como o arquipélago de Cabreira. Extinguiuse en época histórica de Mallorca e Menorca, debido en maior medida aos depredadores introducidos polo home: os gatos (*Felis catus*), a martaraña (*Martes martes*) e a donicela (*Mustela nivalis*); en menor medida, outras introducións como a cobra de cugula (*Macroprotodon cucullatus*) e competidores como a lagarta italiana (*P. sicula*). Comprende 28 subespecies con ocorrencia, ao igual cá súa conxénere endémica balear, durante o illamento de illotes costeiros no Plistoceno.



*Podarcis muralis*

Considérase especie de tipo EN (en perigo) debido á fragmentación severa das súas poboacións, ao declive continuo na área de ocupación e na calidade do seu hábitat.

### ***Podarcis atrata* (Boscá, 1916), lagarta das Columbretes**

Ata hai pouco, non pasaba de ser unha subespecie altamente diferenciada de *P. hispanica* (*P. hispanica atrata*) que ocuparía as Illas Columbretes (Castellón), pero recentes estudos moleculares parecen demostrar que se trata dunha especie ben diferenciada das poboacións continentais. Ocupa os catro illotes das Columbretes e o lacértido europeo insular é o que ten menor área de distribución (15 ha.).

Considérase como vulnerable (VU) polo seu carácter endémico e reducida área de distribución.

### ***Podarcis muralis* (Laurenti, 1768), lagarta dos muros**

Distribúese desde Holanda ata Grecia e Italia, e desde a Turquía asiática e as costas do Mar Negro ata a Península Ibérica, onde ocupa toda a área europea e siberiana, a

excepción de Galicia (hai algunha poboación ao oeste da Ría de Ribadeo), e penetra cara ao interior polo Sistema Ibérico e o Sistema Central Oriental.



*Podarcis hispanica*

Aínda sendo a especie menos polimórfica da península (isto non acontece no resto de Europa, onde se describiron ata 18 subespecies diferentes), o número de subespecies varía segundo os distintos autores:

Bedriaga (1878) describe *P. muralis rasquinetti*.

Klemmer (1964) *P. muralis sebastiani*.

Gruschwitz e Böhme (1986) propoñen dúas subespecies: *P. muralis brogniardii* na área cantábrica, Perineos e sur de Francia, e *P. muralis merremia* no centro e leste da península. Consideran as subespecies anteriores dentro da sinonimia *P. muralis brogniardii*.

Pérez-Mellado e Galindo (1986) non consideran xustificada a separación subespecífica anterior de modo que, á espera de máis información que resolva o problema, manteñen *P. muralis muralis* en toda a península e *P. muralis rasquinetti* nas illas cantábricas asturianas de Castro Ballota, Castro de Poo, Herbosa, Illa Cabo de Peñas e Peña La Deva (Klemmer, 1964).

As poboacións peninsulares considéranse como LC (preocupación menor), xa que gozan dun estado satisfactorio, e *P. muralis rasquinetti* como DD (datos insuficientes), debido á súa validez taxonómica e estado de conservación.

### ***Podarcis hispanica* (Steindachner, 1870), lagarta dos penedos**

O complexo *Podarcis hispanica* está presente na Península Ibérica, sur de Francia e norte de África. É un grupo de gran variabilidade, polo que a súa situación taxonómica foi motivo de múltiples interpretacións:

Klemmer (1959) e unha posterior revisión de Mertens e Wermuth (1960) refírense a tres subespecies: *P. hispanica hispanica* nos dous terzos setentrionais da península, *P. hispanica vaucheri* (Boulenger, 1905) no val do Guadalquivir e Norte de África e *P. hispanica atrata* (Boscá, 1906) endémica das illas Columbretes (Castellón).

Blasco e Lucena (1975) e Blasco (1980) rexeitan a existencia da subespecie *P. hispanica vaucheri* en Andalucía.

Busack (1985) menciona a existencia de 4 subespecies na península pero non fai unha publicación *in extenso* referente a este tema.

Guillaume e Geniez (1986) refírense á existencia na península de 8 “formas” e subespecies. Así Guillaume (1987) sinala: *P. hispanica hispanica* no suroeste peninsular, *P. hispanica vaucheri* en Andalucía e Norte de África, así como as poboacións de Alxeria e Tunisia, *P. hispanica* forma “*lusitanica*” no oeste ibérico, *P. hispanica* forma “*robusta*” na Submeseta Norte, *P. hispanica* forma “*virescens*” na metade oriental da Submeseta Sur, *P.*



*Podarcis bocagei*

*hispanica* forma “*liolepis*” no Val do Ebro e Cataluña, excepto Montseny, San Pedro de Roda e algunha zona do Perineo catalán onde aparece *P. hispanica cabennensis*. Tamén se refíre á existencia de núcleos illados en Andalucía e Levante onde habería ocorrencias de *P. hispanica* forma “*lusitanica*”. Non dá ningunha denominación para as poboacións do País Vasco e a Cornixa Cantábrica, Estremadura e oeste da Submeseta Sur, e recolle a idea de Bea et al. (1986) de designar ás poboacións do Monte Urgull e illa de Santa Clara en San Sebastián como *P. hispanica sebastiani*.

Pérez-Mellado e Galindo (1986) recoñecen 3 subespecies: *P. hispanica vaucheri* no Norte de África, *P. hispanica hispanica* en toda a península e *P. hispanica atrata* nas Columbretes.

Vicente (1989) propón elevar a rango específico *P. hispanica vaucheri*.

Castilla et al. (1998) elevan a subespecie das Columbretes a rango de especie: *P. atrata*.

Sá-Sousa (2000) e Sá-Sousa et al. (2002) refírense á existencia de 2 formas en Portugal, en aparente parapatría e con probable rango específico: *P. hispanica* tipo 1, caracterizada por corpo e cabeza achatados, ton pardo e costumes rupícolas,

con ocorrencia por riba dos 400 m. s.n.m., en clima atlántico ou continental; *P. hispanica* tipo 2, con individuos robustos, verdosos, de cabeza alta e costumes pouco rupícolas, por debaixo dos 400 m. s.n.m., no oeste e sur de Portugal, Andalucía, Estremadura e Madrid. Así, *P. hispanica vaucheri* do sur de Iberia e Norte de África sería sinónimo de *P. hispanica* tipo 2.

Harris e Sá-Sousa (2001) comezaron a análise molecular das lagartas ibéricas e demostraron a existencia polo menos en Portugal de 2 clados xeneticamente distintos, ademais de que *P. hispanica* tipo 2 do sur de Portugal difire notablemente das poboacións de lagarta ibérica do Norte de África. Segundo estes autores, a lagarta ibérica é un ente parafilético que engloba, cando menos, 5 liñaxes monofiléticas.

Respecto á súa categoría de conservación, sinalaremos que aínda que as poboacións peninsulares se consideran LC (preocupación menor), as poboacións insulares galegas necesitan protección especial e son consideradas como DD (datos insuficientes) (Galán, 1999).

### ***Podarcis bocagei* (Seoane, 1884), lagarta galega**

Situación endémica na Iberia do noroeste: Portugal ao norte do Douro, Galicia, algúns puntos do noroeste de Castela e León e oeste, centro e sur de Asturias; ten unha presenza notablemente baixa na zona central da Cordilleira Cantábrica, onde predomina *P. muralis* na zona media e na vertente norte e *P. hispanica* na vertente sur. O límite oriental non se coñece con precisión pero foi citado no norte de Palencia. O seu límite máis meridional sitúase no nordeste de Zamora.

Antigamente, incluía dúas subespecies (*P.*

*bocagei carbonelli* e *P. bocagei berlengensis*) que foron elevadas a rango específico (*P. carbonelli*). Así pois, a especie na súa actual definición considerase monotípica.

Estudos recentes (Pinho et al., 2002) revelan que se trata dunha especie cunha variabilidade xenética notablemente baixa. Ademais, a súa distribución actual revela unha clara expansión postglacial cara ao norte da península.

Relativamente abundante en Galicia, onde non se considera ameazada, máis escasa no resto da súa distribución peninsular. Considerárase de preocupación menor (LC) e as poboacións insulares galegas son pouco coñecidas (DD, datos insuficientes).

#### ***Podarcis carbonelli* (Pérez-Mellado, 1981), lagarta de Carbonell**

Nova situación endémica ibérica como resultado da elevación a rango específico da subespecie *Podarcis bocagei carbonelli* descrita inicialmente para o Sistema Central occidental. Os traballos de Harris e Sá-Sousa (2002) e Sá-Sousa (1999, 2000 e 2002) demostran a súa diferenciación xenética respecto a lagarta galega. Así, a especie conta con dúas subespecies, *P. carbonelli carbonelli* e *P. carbonelli berlengensis* (inclusión, co correspondente cambio de nomenclatura, da lagarta das Berlengas *P. bocagei berlengensis* –Vicente, 1985-).

Cos seus límites xeográficos sen esclarecer de todo, esta especie aparece distribuída polo occidente ibérico ao sur do Douro: centro-norte de Portugal, Sistema Central occidental (Serra da Estrela –Portugal– ata Serra de Gata e Pena de Francia –Salamanca–) e núcleos illados na costa occidental portuguesa. Cítase tamén nas Marismas do Guadalquivir.

Considerárase de preocupación menor (LC), a súa conservación está intimamente ligada ao mantemento de dous hábitats concretos: as formacións de rebolo (*Quercus pyrenaica*) e as dunas litorais.

### **Anexo**

#### **Novas categorías da U.I.C.N (versión 3.01 UICN, 2001) para os taxons de anfibios e réptiles presentes en España.**

- 1.- Taxons non avaliados (NE).
- 2.- Taxons avaliados
  - 2.1.- Datos insuficientes (DD)
  - 2.2.- Datos axeitados
    - 2.2.1.- Extinguído ou extinto (EX).
    - 2.2.2.- Extinto en estado silvestre (EW).
    - 2.2.3.- En perigo crítico (CR).
    - 2.2.4.- En perigo (EN).
    - 2.2.5.- Vulnerable (VU).
    - 2.2.6.- Case ameazado (NT).
    - 2.2.7.- Preocupación menor (LC).

### **Bibliografía**

- BARBADILLO, L.J. et al., (1999): *Anfibios y reptiles de la península Ibérica, Baleares y Canarias*. Geoplaneta S.A.
- Pleguezuelos, J.M.; Márquez, R. & Lizana, M. (Eds.), (2002): *Atlas y libro rojo de los anfibios y reptiles de España*. Dirección General de Conservación de la Naturaleza (MMA)- Asociación Herpetológica Española, 584 pp. Madrid.
- SALVADOR, A. (Coordinador), 1997. *Reptiles*. En: *Fauna Ibérica*, vol. 10. Ramos, M.A. et al. (Eds.). Museo Nacional de Ciencias Naturales. CSIC. Madrid